

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A. E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COLABORACIÓN NA POSTA EN MARCHA DO CENTRO DE FABRICCIÓN DE MEDICAMENTOS CAR-T E OUTROS MEDICAMENTOS DE INMUNOTERAPIA CELULAR AVANZADA DE GALICIA E A CREACIÓN DUNHA UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN NA MATERIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron en data 27.05.2021 con Galaria, empresa pública de servizos sanitarios, S.A. e a Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, a contar dende o momento da súa sinatura, susceptibles de prórroga.

Que o dito instrumento convencional ten por obxecto materializar e establecer a colaboración necesaria entre as entidades asinantes para a posta en marcha dun centro de produción de CAR-T e outras terapias celulares para Galicia e o desenvolvemento futuro dunha unidade mixta de investigación asociada a esta finalidade

Para acadar eses obxectivos, a USC comprométese a tramitar perante os seus órganos de goberno unha cesión de uso temporal de instalacións, en concreto, dunha parte do inmovible situado no Monte da Condesa, que será o que albergue as áreas de produción celular, fabricación de plásmidos e virus e área de apoio e xestión, necesarias para a instalación dun centro de fabricación de inmunoterapia celular avanzada de Galicia, o cal permitirá nun futuro próximo desenvolver novas terapias celulares para a súa aplicación en pacientes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta nos fins de actuación que perseguen as entidades asinantes en materia de promoción da investigación e do desenvolvemento científico e tecnolóxico. Así, a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve este tipo de actividades dese tipo e que esta interesada en establecer unha unidade de investigación en inmunoterapia celular avanzada como complemento do seu Campus Vida. Pola súa banda, a Consellería de Sanidade dispón dunha entidade como Galaria, a cal ten a consideración de sociedade mercantil pública autonómica, con forma de sociedade anónima, e que se constitúe como medio propio personificado respecto da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico para a execución das actividades que lle sexan encomendadas por esta ou polos seus organismos, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social. Segundo eles, Galaria ten por obxecto a actividade asistencial, o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. Con data 27 de decembro de 2019 o Consello de Administración de Galaria autorizou á sociedade o inicio das actuacións necesarias para o desenvolvemento do proxecto de implantación dun Centro de fabricación de medicamentos CAR-T e outros medicamentos de inmunoterapia celular avanzada. O cumprimento deste obxectivo poderá ser realizado por Galaria de maneira directa ou a través de contratos, concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas ou entidades.

Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para favorecer á consecución de obxectivos comúns. Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

